

A gavela do Guillade

"Serían as dez da noite do 1 de xuño de 1820 cando se presentou, en San Pedro da Ramallosa, a partida de bandidos que capitaneaba Guillade; composta por dez homes -a maioría deles portugueses-, asaltaron a casa de Xosé Portela rachándolle a porta principal a golpe de machada... Desta casa pasaron á de Tomás Giráldez -esixíndolle 60.000 reais- e máis tarde -a iso das 12 da noite- á de Benito González...

Ao día seguinte -ás catro da tarde na parroquia de Baiña- entran na casa do veciño Carlos Rodríguez, pedíndolle de comer ovos e touciño..."

En outubro de 2000 outra gavela, pero esta vez non capitaneada polo bandido Guillade, irrompe nos fogares dos veciños de Baiona, Gondomar e Nigrán a través de Onda Cero Val Miñor.

Todos os xoves -dende as 13:10 ás 13:30 horas-, catro membros do IEM falaban nun programa dedicado exclusivamente á cultura e ao Val Miñor.

Quen capitaneaba este proxecto de divulgación a través das ondas -esta gavela de bandidos que pretendía encher de contidos culturais as mañás dos xoves-, era Lino Pellitero e ao seu carón, M^a Xosé González, Carlos Méixome e Xoán González.

Durante os dous anos que botaron en antena, foron moitos os aspectos culturais que se trataron ou analizaron, ou os persoeiros da vida cultural e social do Val Miñor que pasaron polo programa...

"A partida de bandidos fuxiu de Baiona moi tranquila, chegando ás cinco da mañá, ao monte da Groba...; sóbose logo que pasaron nunha barca o río Miño, pola parte de Camposancos..."

Tamén a gavela radiofónica abandonou Baiona, non por ter cometido algunha falcatruada, senón simplemente porque Onda Cero-Val Miñor rematou as súas emisións. Feito que non deixamos de lamentar, mentres agardamos que as cousas do Val Miñor non tarden en volver a ser comunicadas a través das ondas.

